

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de abril de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día sete de abril de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(492).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(493).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE “ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA BIBLIOTECA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO. EXPTE. 11546/301.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 7.04.09, conformado polo concelleiro-delegado do Área de Cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:

Con data 18 de marzo de 2009 a Xunta de Goberno Local acordou adjudicar definitivamente a Oreco Empresa Constructora a execución das obras de adaptación de locais para biblioteca na rúa Martínez Garrido por un prezo total de 420.791,20 € IVE incluído. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21 de xaneiro de 2009 e a oferta presentada.

Con data 2 de abril de 2009 a Xunta de Goberno Local acordou nomear a D. José Carlos Rodríguez Otero e D. Manuel Cuquejo González, para desenvolver a dirección facultativa desta obra e dirección de execución de obra respectivamente, a D. Juan Luís Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, para desenvolver a labor de coordinación e supervisión técnica da “obra de adaptación de locais para biblioteca na rúa Martínez Garrido”, e a D. Juan Francisco Castro Pérez para desenvolver a redacción do plan de seguridade e saúde na fase de execución de obra.

D. Juan Francisco Castro Pérez informa favorablemente o plan de seguridade e saúde adecuado á execución dos traballos, segundo o establecido no artigo 7 do R.D. 1627/1997 de 24 de outubro, polo que establécense disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras en construción (B.O.E. 25.10.97), o devandito plan analiza, estuda, desenvolve e complementa as previsión do Estudio en función do propio sistema de execución da obra, segundo establece o apartado 1 do art. 7 do R.D. 1627/97.

Este plan esta rubricado favorablemente en abril de 2009 por D. Juan Castro Pérez, arquitecto técnico que estará en todo momento na obra e se axusta ao estipulado na lexislación vixente.

Visto o informe anterior, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde da “obra de adaptación de locais para biblioteca na rúa Martínez Garrido”, presentado por Oreco Empresa Constructora, informado favorablemente por D. Juan Francisco Castro Pérez, coordinador de seguridade e saúde na fase de execución de obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(494).- APROBACIÓN DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DAS COORDINACIÓNS DE SEGURIDADE E DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE “MELLORA E REURBANIZACIÓN DE RÚAS NO CASCO VELLO DE VIGO (6 LOTES). EXPTE. 4894/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 2.04.09, conformado delegada do Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Nomear a Juan Aguirre Rodríguez e Juan Hansen García, enxeñeiros municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, para desenvolver a labor de dirección facultativa das obras de mellora e reurbanización de rúas no Casco Vello de Vigo (Seis lotes), con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local (expediente 4753/307).

2.- Nomear os seguintes coordinadores de Seguridade e Saúde:

2.1.- Miguel Ángel Cerdeira Torres, enxeñeiro de minas e técnico superior en P.R.L., en representación da empresa INCOSA, para as obras de mellora do entramado viario das rúas Ballesta, Gamboa, Fermín Penzol, Xoaquín Yañez.

2.2.- Miguel Ángel Cerdeira Torres, enxeñeiro de minas e técnico superior en P.R.L., en representación da empresa INCOSA, para as obras de mellora do entramado viario das rúas Peñasco, San Xulián, San Bernardo e Xuanelo.

2.3.- Fernando José Vega Pla, enxeñeiro técnico industrial, en representación da empresa PETTRA, para as obras de mellora do entramado viario das rúas Poboadores e San Francisco.

2.4.- Fernando José Vega Pla, enxeñeiro técnico industrial, en representación da empresa PETTRA, para as obras de mellora do entramado viario da rúa Santiago.

2.5.- Lucía Fernández Bermúdez, como coordinadora de seguridade e saúde, en representación da empresa GOC, para as obras de mellora do entramado viario das rúas Cruz Verde e Abeleira Menéndez.

2.6.- Lucía Fernández Bermúdez, como coordinadora de seguridade e saúde, en representación da empresa GOC, para as obras de mellora do entramado viario das rúas Ferrería, San Sebastián e Subida a Cuesta.

3.- Aprobar os Plans de Seguridade e Saúde das seguintes obras:

3.1.- Obras de mellora do entramado viario da rúa Ballesta, Gamboa, Fermín Penzol, Xoaquín Yañez, informado favorablemente por Miguel Ángel Cerdeira Torres, en representación da empresa INCOSA.

3.2.- Obras de mellora do entramado viario das rúas Peñasco, San Xulián, San Bernardo e Xuanelo, informado favorablemente por Miguel Ángel Cerdeira Torres, en representación da empresa INCOSA.

3.3.- Obras de mellora do entramado viario das rúas Poboadores e San Francisco, informado favorablemente por Fernando José Vega Pla, en representación da empresa PETTRA.

3.4.- Obras de mellora do entramado viario da rúa Santiago, informado favorablemente por Fernando José Vega Pla, en representación da empresa PETTRA.

3.5.- Obras de mellora do entramado viario das rúas Cruz Verde e Abeleira Menéndez, informado favorablemente por Lucía Fernández Bermúdez, en representación da empresa GOC.

3.6.- Obras de mellora do entramado viario das rúas Ferrería, San Sebastián e Subida a Cuesta, informado favorablemente por Lucía Fernández Bermúdez, en representación da empresa GOC.

4(495).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, NOMEAMENTO DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE, DIRECCIÓN FACULTATIVA E SUPERVISIÓN MUNICIPAL DAS OBRAS DE “CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA EN NAVIA”. EXPTE 8564/333.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.04.09, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, en sesión do 18/03/2009, acordou adxudicar definitivamente a UTE MOVEXVIAL, S.L. (CIF B-36.684.157) – INDEPO, S.L. (CIF B-36.956.464) o procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun campo de fútbol de herba sintética en Navia (expte 8401-333) por un prezo total de 1. 290. 340, 84 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 177. 978, 05 euros).

O prazo de execución do contrato será de seis (6) meses a contar desde a adxudicación definitiva do contrato e as obras terán que estar rematadas antes do día de 31 de decembro de 2009. (En todo caso deberá cumprirse o disposto no artigo 7.1 do Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de Novembro).

Sendo preciso nomear un director dos traballos e tendo en conta a non disponibilidade de medios propios que fagan posible a realización do seguimento da execución dos traballos, propónse nomear aos arquitectos D. Santiago González García e D. Miguel Porras Gestido, do Naos Arquitectos, para desenvolver a dirección facultativa desta obra.

Ao mesmo tempo, a empresa adxudicataria UTE Movexvial- Indepo, informa favorablemente o plan de seguridade e saúde adecuado á execución dos traballos, segun o establecido no artigo 7 do R.D. 1627/1997 de 24 de outubro, polo que establecense disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras en construción (B.O.E. 25.10.97), o devandito plan analiza, estudia desenvolve e complementa as previsións do Estudio en función do propio sistema de execución da obra, según establece o apartado 1 do art. 7 do R.D. 1627797.

Este plan está rubricado favorablemente, con data 31/03/2008, por D. Francisco Javier Fafián Mosquera, arquitecto técnico que estará en todo momento na obra e se axusta ao estipulado na lexislación vixente.

Visto o informe anterior, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Nomear a D. Francisco Javier Fafián Mosquera para desenvolver a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde na fase de execución de obra en representación de NAOS TECNICO, S.L.P.

2.- Nomear a D. Santiago González García e D. Miguel Porras Gestido, do Naos Arquitectos, para desenvolver a dirección facultativa das obras de “Construción dun campo de fútbol de herba sintética en Navia”.

3.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde da obra “Construción dun campo de fútbol de herba sintética en Navia, informado favorablemente por Francisco Javier Fafián Mosquera, en representación da dirección da obra.

4.- Encargar a supervisión técnica dos traballos aos arquitectos municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(496).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, NOMEAMENTO DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE, DIRECCIÓN FACULTATIVA E SUPERVISIÓN MUNICIPAL DAS OBRAS DE “CONSTRUCCIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN NAVIA”. EXPTE. 8563/333.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta de director deportivo do IMD, do 3.04.09, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, en sesión do 18/03/2009, acordou adxudicar definitivamente a TECONSA (CIF A-28.709.053) o procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun

pavillón polideportivo en Navia (expte 8402-333) por un prezo total de 4. 218. 792, 23 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 581. 902, 38 euros)

O prazo de execución do contrato será de oito (8) meses a contar desde a adxudicación definitiva do contrato e as obras terán que estar rematadas antes do día de 31 de decembro de 2009. (En todo caso deberá cumprirse o disposto no artigo 7.1 do Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de Novembro).

Sendo preciso nomear un director dos traballos e tendo en conta a non disponibilidade de medios propios que fagan posible a realización do seguimento da execución dos traballos, propónse nomear aos arquitectos D. Santiago González García e D. Miguel Porras Gestido, do Naos Arquitectos, para desenvolver a dirección facultativa desta obra.

*Ao mesmo tempo, a empresa adxudicataria Tecnología de la Construcción, S.A. *TECONSA*, informa favorablemente o plan de seguridade e saúde adecuado á execución dos traballos, segun o establecido no artigo 7 do R.D. 1627/1997 de 24 de outubro, polo que establecense disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras en construción (B.O.E. 25.10.97), o devandito plan analiza, estudia desenvolve e complementa as previsións do Estudio en función do propio sistema de execución da obra, según establece o apartado 1 do art. 7 do R.D. 1627797.*

Este plan está rubricado favorablemente, con data 1/04/2008, por D. Francisco Javier Fafián Mosquera, arquitecto técnico que estará en todo momento na obra e se axusta ao estipulado na lexislación vixente.

Visto o informe anterior, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Nomear a D. Francisco Javier Fafián Mosquera para desenvolver a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde na fase de execución de obra en representación de NAOS TECNICO, S.L.P.

2.- Nomear a D. Santiago González García e D. Miguel Porras Gestido, do Naos Arquitectos, para desenvolver a dirección facultativa das obras de “Construcción dun pavillón polideportivo en Navia”.

3.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde da obra “Construcción dun pavillón polideportivo en Navia, informado favorablemente por Francisco Javier Fafián Mosquera, en representación da dirección da obra.

4.- Encargar a supervisión técnica dos traballos aos arquitectos municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(497).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, NOMEAMENTO DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE, DIRECCIÓN FACULTATIVA E SUPERVISIÓN MUNICIPAL DAS OBRAS DE “BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN EDIFICIOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS”. EXPTE. 41119/301.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de actividades económicas, do 6.04.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

Con data 18 de marzo de 2009 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar definitivamente a UTE MOVEXVIAL, S.L. – HIDROESTRUCTURAS, S.L. a contratación das obras de eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios e dependencias municipais (expte. 38856-301) por un prezo total de 1.964.705,68€. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local do 21 de xaneiro de 2009 e a oferta presentada.

Sendo preciso nomear o equipo técnico de dirección das obras de mellora indicadas anteriormente, e en base ao informe de proposta de nomeamento do arquitecto municipal David Carvajal Rodríguez-Cadarso, de data 1 de abril de 2009, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Nomear a Juan Luis Piñeiro Ferradas e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, para desenvolver a labor de coordinación e supervisión técnica das obras de execución de melloras de accesibilidade en equipamentos públicos do Concello de Vigo.

2º.- Nomear a Ádega Da Costa González, arquitecto técnico colexiada polo COAATPO co nº VR-726, como coordinadora de seguridade e saúde da obra de execución de melloras de accesibilidade en equipamentos públicos do Concello de Vigo.

3º.- Nomear a Besada y Failde BMJ Arquitectos S.C.P. para desenvolver as tarefas de dirección de obra de execución de melloras de accesibilidade en equipamentos públicos do Concello de Vigo.

4º.- Nomear a Ana Castro Alonso, arquitecto técnico colexiada polo COAATPO co nº PR-624, para desenvolver a dirección de execución material da obra de execución de melloras de accesibilidade en equipamentos públicos do Concello de Vigo, para as actuacións concretas nas que a figura de director de execución resulta necesario e que son para este expediente as que se executan no centro CEDRO e nas UBAS do Casco Vello.

5º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra de execución de melloras de accesibilidade en equipamentos públicos do Concello de Vigo, informado favorablemente por Ádega Da Costa González, coordinadora de seguridade e saúde.

Non obstante esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(498).- APROBACIÓN DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DAS COORDINACIÓNS DE SEGURIDADE E DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DA “REMODELACIÓN DO EIXO DAS RÚAS ELDUAYEN E PASEO DE ALFONSO, FASES A, B E C”. EXPTE. 4895/307.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 2.04.09, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 18 de marzo de 2009, aprobou a adxudicación definitiva a MOVEXVIAL, S.L. das obras de remodelación do eixo das rúas Elduayen e Paseo de Alfonso. Fases A, B e C (Expte 4754-307) por un prezo total de 3.891.895,42 euros IVE incluído, con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local.

Sendo preciso o nomeamento da dirección facultativa destas obras, proponse nomear a Juan Aguirre Rodríguez e Juan Hansen García, enxeñeiros municipais.

Asimesmo, o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, determina que cada contratista debe elaborar un plan de seguridade e saúde, e que nas obras das Administracións Públicas éste debe elevarse para a súa aprobación á Administración que adxudicou a obra.

Así, a adxudicataria, MOVEXVIAL, S.L., presenta o plan de seguridade e saúde axeitado á execución, e propón a Fernando José Vega Pla, como coordinador de seguridade e saúde, en representación da empresa PETTRA.

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local o seguinte:

1.- Nomear a Juan Aguirre Rodríguez e Juan Hansen García, enxeñeiros municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, para desenvolver a labor de dirección facultativa das obras de remodelación do eixo das rúas Elduayen e Paseo de Alfonso (Fases A, B e C).

2.- Nomear a Fernando José Vega Pla, enxeñeiro técnico industrial, en representación da empresa PETTRA, como coordinador de seguridade e saúde para as obras de remodelación do eixo das rúas Elduayen e Paseo de Alfonso (Fases A, B e C).

3.- Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras de remodelación do eixo das rúas Elduayen e Paseo de Alfonso (Fases A, B e C), informado favorablemente por Fernando José Vega Pla, en representación da empresa PETTRA.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(499).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE “REVALORIZACIÓN E MUSEALIZACIÓN DOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS DO CASTRO DE VIGO”. EXPTE. 4901/307.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 6.04.09, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 18 de marzo de 2009, aprobou a adxudicación definitiva a CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. (CIF B-36150738) das obras de revalorización e musealización dos restos arqueolóxicos do Castro de Vigo (expte 4755-307) por un prezo total de 1.080.499,13 euros IVE incluído, con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local.

O Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, determina que cada contratista debe elaborar un plan de seguridade e saúde, e que nas obras das Administracións Públicas éste debe elevarse para a súa aprobación á Administración que adxudicou a obra.

Así, a empresa adxudicataria presenta un Plan de Seguridade e Saúde, informado favorablemente por Alejandro Martínez García, nomeado Coordinador de Seguridade e Saúde por acordo da Xunta de Goberno Local de 6 de abril de 2009.

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local o seguinte:

- Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras de revalorización e musealización dos restos arqueolóxicos do Castro de Vigo, informado favorablemente por Alejandro Martínez García.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.